

Setembro 2021

A partir do 1 de setembro de 2021, todas as traballadoras dos centros de educación infantil de Xestión Indirecta cobrarán igual

“A Disposición Transitoria Oitava do XII Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil, as traballadoras dos centros de educación infantil - xestión indirecta- cobrarán polas táboas que figuran no Anexo II, apartado C do Convenio Colectivo, independentemente da data na que se realizou o procedemento de licitación ou contratación.

No caso de que o IPC do período comprendido entre o 1 setembro de 2020 e o 31 de agosto de 2021 fose superior ao 2%, revisaranse as mesmas no exceso da indicada cifra con carácter retroactivo desde o 1 de setembro de 2021, actualizándose salarios e táboas para posteriores subidas salariais”.

Por tanto, tal e como di o XII Convenio de Educación Infantil, a partir do 1 de setembro de 2021, as traballadoras dos centros de educación infantil de xestión indirecta, independentemente da data na que se realizou o procedemento de licitación cobrarán o salario que aparece reflectido no Anexo II- Apartado C.

**ANEXO II. TABLAS SALARIALES CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL (GESTIÓN INDIRECTA)
APARTADO C
TABLAS DESDE 01 09 2021 HASTA 31 DE 22**

	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL [14 PAGAS]	CPP (14)
GRUPO I. PERSONAL DE AULA			
Maestro	1.489,32 €	20.850,48 €	30,23 €
Educador Infantil	1.122,00 €	15.708,00 €	22,33 €
Auxiliar de apoio	1.020,00 €	14.280,00 €	16,32 €
GRUPO II. PERSONAL DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS			
Personal especializado: logopeda, psicólogo, enfermero, médico, pedagogo, asistente social, ...	1.478,39 €	20.697,51 €	29,66 €
GRUPO III. PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN Y SERVICIOS			
Personal de cocina	1.020,00 €	14.280,00 €	16,32 €
Personal de limpeza	1.020,00 €	14.280,00 €	16,32 €
Personal de mantemento	1.020,00 €	14.280,00 €	16,32 €
Personal de servizos xerais	1.020,00 €	14.280,00 €	16,32 €
Personal administrativo	1.020,00 €	14.280,00 €	16,32 €
CARGOS DIRECTIVOS TEMPORALES			
Director	1.508,66 €	21.121,26 €	
Subdirector	1.508,66 €	21.121,26 €	
Director pedagógico	1.508,66 €	21.121,26 €	

NOTA: EL CPP DEL CARGO DIRECTIVO SERÁ EL QUE CORRESPONDE A SU PUESTO DE TRABAJO



Informa-t

Por outra banda, UGT Servicios Públicos celebra que, grazas á súa firma da subrogación das traballadoras da Educación Infantil nas escolas infantís de xestión indirecta en 2015 (BOE do 19 de xuño de 2015), xa son máis de 30.000 as traballadoras das devanditas escolas as que mantiveron o seu emprego grazas á firma da subrogación e mantemento do seu posto de traballo. Desde entón, o mantemento do posto de traballo destas traballadoras é automático cando cambia a empresa concesionaria.

Os avances na Educación Infantil sempre veñen da man de UGT.

Sindicato Nacional de Ensino Privado

XUNTOS PODEMOS MÁIS